

Método Pedagógico Aventureiras

1. Aventureiras. Características fisiolóxicas e psicolóxicas evolutivas.

O grupo das aventureiras está marcado polo inicio da adolescencia tal e como a concibimos na sociedade occidental. Trátase dun período no que, para comprendelo, deberemos diferenciar os compoñentes biolóxicos dos psicolóxicos e remarcar o o seu carácter psicosocial e resaltar o o seu papel como transición evolutiva.

A adolescencia non presenta o mesmo significado en tódalas sociedades e, por iso, podemos considerala como un construto social xa que unha persoa está inmersa nunha sociedade e, polo tanto, a construción desta darase a partir dos factores que interveñen nesta.

Débase ter en conta que a adolescencia é diferente en cada cultura; dentro dunha mesma cultura, en ambientes urbanos ou rurais; no mesmo ambiente, dentro de cada familia; non se pode afirmar que exista unha estandarización da definición dada a multiplicidade de elementos que a configuran.

Aínda así, dende a perspectiva evolutiva, o grupo de aventureiras atoparíase na adolescencia temperá (10 a 14 anos).

En xeral, é a partir dos 12 anos, cando a capacidade atencional mellora de maneira significativa . Dende esta idade prodúcese unha transformación do pensamento que permite ás adolescentes razoar de modo hipotético-dedutivo, é dicir, de forma abstracta, sobre situacións ou enunciados verbais que non teñen unha conexión directa coa realidade. Durante este período alcánzase a plenitude do pensamento e a chegada do pensamento formal, que se consolidaría de cara aos 14-15, aínda que estaría moi influenciado pola educación formal que reciban as crianzas. Este tipo de pensamento é universal, constitúe a culminación do desenvolvemento cognitivo e presenta unha serie de importantes avances.

Os seus principais trazos son:

- Utilizar o pensamento abstracto.
- Formular hipóteses. Empregan o razoamento hipotético-deductivo.
- Subordinar o real ao posible.
- Utilizar a combinatoria
- Utilizar a lóxica de proposicións.
- Posuír unha estrutura de conxunto.

No que respecta ao desenvolvemento socioafectivo, a adolescente enfróntase a cambios físicos e novas demandas sociais que lle farán dubidar da súa identidade, de saber quen é. A comunicación emocional está profundamente afectada polo grao de confianza que exista entre os interlocutores e as adolescentes, ás relacións sociais, as amizades, estables ata a adolescencia, adoitan incluír condutas prosociais e altruístas eestán asociadas a interaccións positivas.

Neste sentido, a amizade proporciona un contexto positivo para a expresión e regulación emocional. Pola contra, a disolución das amizades durante este período pode ter serias implicacións no axuste das rapazas e é especialmente doloroso na preadolescencia, conducindo nalgúns casos á aparición de episodios depresivos, ao aumento da sensación de soidade e ao risco de ser vitimizado polos compañeiros e compañeiras.

Con todo, ata que non chegan á adolescencia non poden integrar completamente emocións con valencias opostas con respecto ao mesmo aspecto (p. ex., saber que se quere a unha amiga aínda que nese momento esté enfadado con ela). Os principais trazos que presentan:

- Maior receo e menor interese polos pais.
- Baleiro emocional, humor variable.

- Preocupación polo aspecto corporal.
- Inseguridade respecto á aparencia e atractivo.
- Interese crecente sobre a sexualidade.
- Integración no grupo de amigos.
- Amizade e relacións fortemente emocionais.
- Inicia contacto co xénero de interese.
- Desenvolvemento da identidade.
- Razoamento abstracto.
- Obxectivos vocacionais irrealis.
- Necesidade de maior intimidade.
- Dificultade no control de impulsos.
- Probas de autoridade

2. Obxectivos pedagóxicos

Como o nome do grupo de idade indica, as aventureiras precisan aventura. Como xa recolle a Carta Constitucional da Asociación, neste grupo a idea e o deseño de proxecto entran xa de xeito máis explícito. As aventureiras deseñan xa, conscientemente, un proxecto, colócanse uns obxectivos e repártense responsabilidades; todo con carácter evidentemente lúdico cuxa finalidade é unha aventura, adentrándose nun mundo que non coñecían xogando a ese mundo; e o goce conseguido a través dun proceso colectivo de aprendizaxe e cooperación; con capacidade de planificación a medio prazo.

O grupo de aventureiras marca un antes e un despois na acción pedagóxica de Altair

debido a que inclúe unha idade na que os valores de grupo toman consciencia e son precisos e imprescindibles para a acción cotiá do grupo. Os valores que se describirán de seguido, inclúen un carácter grupal e de acción e relación coa contorna e coa comunidade. Tamén inclúen unha comprensión das dificultades sociais e históricas nas relacións e desigualdades de xénero.

Podemos esclarecer como *valores* :

- Cooperativismo: para o desenvolvemento das actividades e proxectos. As aventureiras deberán traballar conxuntamente ata chegar ao obxectivo proposto .
- Confianza estrutural: ademais do sentimento de pertenza que paulatinamente será arraigado, a aventureira ao longo dos seus anos de estadía no grupo deberá adquirir este valor para un mellor desenvolvemento de actividades, proxectos así como o propio benestar.
- Comunitarismo: mediante as actividades, proxectos e campamentos as aventureiras terán o maior contacto posible coas distintas comunidades achegadas así como coa súa veciñanza.
- Dialoguismo: o fomento do diálogo como mecanismo de acción para o progreso do propio grupo. Tamén estarían implícitos o consenso e o respecto.

Todos eles son fomentados en cada un dos procesos propios do desenvolvemento da dinámica do propio grupo polo o seu xeito assembleario e de toma de decisións en grupo.

- Igualdade: a toma de conciencia das desigualdades por razón de xénero será fundamental que sexa asimilada no grupo de aventureiras. A igualdade de xénero e a liberdade actúan como un mecanismo transversal, natural e cotiá na convivencia do grupo.

Podemos establecer como *saberes*:

- Saber aventureiro: consiste na asimilación dos obxectivos propios do grupo de idade incluíndo saber deseñar ludicamente, saber achegar ao grupo, a un lugar, ao

agrupamento ou mesmo á comunidade en xeral, saber planificar aventuras desenvoltas nos proxectos. Dentro deste saber inclúese o “saber facer” que, relacionado co escrito anteriormente, consistiría na interiorización práctica das accións que se fan individualmente e nas conxuntas co grupo (“facer para x”). Consistiría tamén na aprendizaxe do saber planificar proxectos a medio prazo.

- Organización das actividades de grupo: saber escoller os materiais precisos para os campamentos así como a montaxe destes (tendas de campaña, estruturas e construcións).
- Cociñar: como elemento básico deberán saber elaborar receitas culinarias nos campamentos.

3. A pedagogía do proxecto no GI. Características, temporalidade, estruturas básicas da planificación e execución.

Tal e como recolle a Carta Constitucional de Altair, a súa base educativa é a pedagogía do proxecto e unha metodoloxía baseada na acción que terá especial dedicación ao traballo pola igualdade, ao respecto ás persoas, ao medio e o contacto coa natureza, ao xogo como instrumento central da súa actividade e o campamento como cadro privilexiado.

Como xa se estableceu, o traballo educativo en Altair ten, como norma xeral, actividade semanal e estable agás alteracións derivadas dos períodos festivos e de circunstancias específicas de cada comunidade.

Por isto, a pedagogía do proxecto esixe e presupón un compromiso forte das educadoras e das altaires que, semana a semana avanzarán no proxecto deseñado buscando a súa culminación.

3.1. Constitución do grupo de aventureiras.

Non existe un número ideal de membros do Grupo. Dependerá das circunstancias do

Grupo e das aventureiras. En todo caso, se o número for superior a 5 membros haberá que propor a actividade en pequenos grupos. As divisións poden ser feitas por afinidades dos propios membros, circunstancias pedagóxicas ou estruturais do Agrupamento e/ou dos membros dos grupos. Poden considerarse pequenos grupos constituídos por persoas da mesma idade ou mixtos. Deberase procurar a escoita das aventureiras que conformen os grupos así como a estabilidade destas nos pequenos grupos ao longo de cada un dos proxectos, agás por circunstancias excepcionais.

Estímase que o número ideal de aventureiras debe estar entre as 12 e as 16 persoas. Unha vez se teña un número de 6 ou máis a actividade deberá levarse a cabo establecendo pequenos grupos cun número ideal de 4 e de mínimo 3; en todo caso, sempre procurando o número par para fomentar o consenso e a integración.

Por idades, e dentro dos criterios antes enunciados, aconséllase que o Grupo sexa composto por persoas de primeiro e segundo ano da etapa de aventureiras.

Deseñar proxectos e desenvolveselos en grupo significa aprender na cooperatividade, na solidariedade e na empatía. As aventureiras deben sentirse parte do o seu grupo e con interese por facer aventuras en conxunto.

Se ben neste grupo é importante fomentar a participación e o consenso nas asembleas e reunións o número ideal será par xa que fomenta os procesos de consenso entre elas. É fundamental a repartición de roles dentro do grupo co fin de fomentar aspectos como a súa propia integración e acompañamento nas emocións características desta etapa como o retraemento e a vergoña.

Altair preséntase como un proxecto de educación nos tempos libres e, por iso, tamén será de grande importancia coñecer e analizar por parte das educadoras deste grupo os diferentes roles que as crianzas desenvolvan e que elas mesmas poidan tomar consciencia, as relacións destas co o seu entorno, a posta en valor das emocións nas diferentes circunstancias que poidan experimentar as altaires e o acompañamento e escoita activa nas circunstancias que se vaian presentando ao longo do tempo.

3.2. Funcionamento do Grupo

Como está establecido no método xeral, cada grupo constitúe, a tódolos efectos, un GI do Agrupamento. Isto, por outra banda, non exclúe a realización de campamentos e actividades conxuntas. Débense fomentar por parte das educadoras os ámbitos de construción e de realización de proxectos de diferentes temáticas de interese común a medio e longo prazo cun fin obxectivo co fin da propia motivación das aventureiras. Ademais, como é característico e imprescindible en Altair débese fomentar e alimentar o sentido de pertenza ao grupo e Agrupamento en tódolos membros. As aventureiras deben sentir os proxectos e as aventuras desenvolvidas como súas así como sentirse fundamentais nos procesos de creación.

Dentro do grupo de aventureiras existen certas responsabilidades que deben ser escollidas anualmente na asemblea do GI e que deben ser respectadas durante todo ese tempo agás circunstancias excepcionais; ditas responsabilidades estarán descritas na alíneade responsabilidades individuais.

Por outra banda, a estratexia didáctica levada a cabo, tal e como recolle a Carta Constitucional da Asociación, será a pedagogía do proxecto.

O proxecto, cunha temática acordada, deberá atender aos centros de interese do propio grupo de idade; a súa duración será determinada no tempo e cuns obxectivos claros que avanzarán paulatinamente.

No caso das aventureiras, recoméndase que os proxectos teñan unha duración de entre 3 e 4 meses e teñan o seu fin no campamento correspondente.

Sobre este tema é fundamental o fomento da ilusión e motivación ás crianzas en todo momento para evitar o abandono do proxecto ou a desmotivación neste.

Ademais, no desenvolvemento do proxecto as educadoras deberán atender ás necesidades específicas de cada unha delas en forma de obxectivos e procurar o desenvolvemento e potenciación das calidades da súa personalidade.

Será imprescindible a elaboración dun cronograma antes de comezar o proxecto e ser estritas no cumprimento das datas co fin de non prorrogar no tempo o proxecto e ocasionar desmotivación ou o abandono parcial ou total por parte das aventureiras do Grupo. É recomendable que se lle outorgue un espazo de tempo en tódalas xornadas de actividade ordinaria e tamén que cada proxecto culmine en cada un dos campamentos organizados polo Grupo e Agrupación mediante a súa presentación. Tamén será importante a difusión deste, posterior á súa presentación final, a nivel comunitario.

3.3 A dinámica do grupo; as reunións e os espazos

Haberá que avanzar, cun acompañamento de carácter motivacional por parte das educadoras, a que a dinámica do grupo sexa activa e propositiva e un lugar de comodidade para todas elas.

No carácter asembleario e de diálogo establécense

- Asemblea das aventureiras:

Consiste nun espazo de carácter avaliativo, de proposición e de organización no propio grupo. Ao final do día as crianzas a modo asembleario avalían e propoñen. No que respecta á periodicidade da asemblea, será cada 15 días no período de actividade ordinaria e ao finalizar o día en cada un dos campamentos que se leven a cabo.

Para a asimilación de roles dentro do propio grupo é imprescindible o establecemento de cargos que rotan anualmente. Así, haberá unha crianza que coordine a asemblea e outra que será secretaria que anote unha orde da asemblea reunindo as ideas principais que servirá ademais como memoria do propio grupo.

A duración da asemblea terá un inicio e un final. Mediante unha palabra ou xesto que o propio grupo estableza darase o inicio ao espazo e a finalización a este. Isto é imprescindible para a asimilación da relevancia que ten agrupar a información e tratar de maneira seria aspectos que concernen ao grupo. O horario dependerá dos intereses do propio grupo de idade.

Consello da Estrela:

Espazo de resolución de conflitos grupal que é convocado cando xorde un na actividade. O Consello da estrela debe o o seu nome á simboloxía transversal das constelacións e a súa importancia na asociación Altair.

Neste espazo de resolución de conflitos é imprescindible a existencia dun elemento material que se corresponda co nome que se lle de ao Consello. Neste caso, como é o Consello da Estrela terá que existir unhaestrela, que poderá ser elaborada cun material de libre elección, que poida ser empregada no desenvolvemento de resolución de conflitos.

O Consello da Estrela é convocado cando hai un conflito dentro das actividades e é convocado mediante a pronunciación do nome do espazo. Cando se convoca, automaticamente calquera actividade que se estea a desenvolver é paralizada para a resolución do conflito pertinente.

Neste caso, haberá unha crianza que lidere dando as quendas de palabra e procurando a orde de diálogo deixando ás persoas que están integradas no conflito que mostren a súa preocupación e visión do problema e posteriormente en grupo tentarán chegar a unha solución.

Cando as crianzas consideren que o conflito está solucionado a persoa líder dará por finalizado o Consello e retomaranse as actividades que se estiveran a facer.

3.4. Estrutura do grupo de Aventureiras

Cada grupo escollerá a unha persoa coordinadora por un período mínimo de tres meses e máximo de seis. O fin desta será garantir a cohesión e integración do Grupo, o deseño e realización das actividades, a condución dos espazos dereflexión e posta en común do Grupo, de acordo coas educadoras do Grupo. Igualmente, abrirá espazo para

que a asemblea decida sobre as normas das que se quere dotar e das iniciativas que se queren emprender.

Cada ex-coordenadora constituirá un consello asesor de axuda e asistencia á coordinadora, que se reunirá por solicitude da coordinadora.

Cada Grupo escollerá unha persoa que exercerá de Memoria do mesmo: a que dará testemuño do que vaia acontecendo na vida do Grupo e fará presente as normas das que este se vai dotando.

Deberá existir unha asemblea de Grupo, cando sexa convocada pola coordinadora ou por solicitude dalgún membro do Grupo, como espazo fundamental e máximo de decisión do Grupo e ámbito de reflexión, debate e compartir e resolución de conflitos, incluíndo a admisión ou expulsión dalgún membro que, en ningún caso, poderá facerse efectiva sen o acordo da educadora.

A educadora estará presente en tódalas asembleas e reunións do Grupo, excepto naquelas que, por razóns pedagóxicas, decida non estar presente.

Existen máis responsabilidades individuais dentro do GI que serán especificadas na alínea de *“normas e responsabilidades individuais e colectivas no grupo de aventureiras”*

4. Cadro simbólico

Dentro do agrupamento existirán elementos materiais comúns con trazos distintivos que representen a cohesión dos grupos de idade e a pertenza ao grupo. Ademais, polo nome que recibe a asociación, as estrelas sempre deberán estar presentes sexa en cal sexa o Agrupamento.

Como elemento básico no fomento do sentimento de pertenza ao grupo e como eixe transversal de actividades dentro do propio agrupamento correspondente. As persoas identificámonos con símbolos continuamente que nos fan referencia e nos fan sentir

pertencentes a algún lugar ou elemento.

Por iso mesmo, emprégase a simboloxía como elemento para a educación en valores e a asimilación destes.

Sendo así, o cadro simbólico principal da Asociación Altair son as estrelas que todas xuntas conforman un universo.

- Nomenclatura: o grupo chámase así polo carácter de aventura que presenta.
- Saúdo oficial: consiste nun movemento de abertura de man, un puñoque se abre en man aberta como símbolo de fraternidade.
- Cores: o verde, pola estreita relación que ten este grupo coa natureza. Tamén é a cor simbólica da esperanza, a paz e o equilibrio.
- Pulseiras: a pulseira das aventureiras será amarela e verde coa inscrición “Theta Aquilae”.

5. Normas e responsabilidades individuais e colectivas no grupo de aventureiras

O grupo debe avanzar na cohesión e na autoxestión. Para iso, debe definir as súas normas de funcionamento no cadro dos principios e valores de Altair.

Enténdese que, nun grupo constituído, no segundo ano de vida do grupo, debe ter xa vida autónoma en todas as súas actividades e decisións, supervisado pola educadora.

- Atención do local, o grupo debe atender a responsabilidades de material e atender ás necesidades do propio grupo.
- O papel na montaxe do campamento, e recomendable que as aventureiras sexan partícipes na montaxe do seu campamento para así fomentar intereses, inqedanzas, cohesión grupal e o sentimento de pertenza. Unha das

concepcións máis relevantes de fomentar por parte das educadoras é a de aportar algo ao lugar de campamento e, para iso será imprescindible a relación coa veciñanza e o coñecemento da contorna.

No que se refire a **responsabilidades individuais** haberá unhas figuras que se deberán establecer para diferentes membros que conformen o GI por elección do Grupo na Asemblea das aventureiras; o idóneo sería o cambio de responsabilidades nun período de mínimo 3 meses e máximo de 6. O establecemento das diferentes responsabilidades deberá ser fixado na Asemblea do Grupo sempre cun consenso e a educadora, en circunstancias excepcionais, se observa algunha situación non correcta poderá non aceptalo. As responsabilidades corresponden a:

- Representante no Consello do Agrupamento: será a representante do GI no Consello do Agrupamento recollido na sección de métodos xerais.
- Cronista: será a persoa encargada de recoller a historia do grupo de idade (as grandes lembranzas das saídas, as vivencias dos campamentos...). A elaboración desta historia poderá ser en formato mapa, libro, álbum de fotografías... Segundo o número de persoas que fagan parte do GI, e por tratarse dunha función que pode precisas de axuda poderá ser acompañada de outras responsabilidades relacionadas como a de Fotógrafa ou Documentalista.
- A memoria: a súa función será a de garantir que non se perda a memoria dos pequenos grupos, grupos de idade, agrupamentos, entidades nacionais, etc que constitúen a memoria de Altair, articulado accións para a súa conserva, custodia e divulgación. A memoria bebe, entre outras, das fontes producidas pola cronista, secretaria, fotógrafa e documentalista. En resumo, a memoria ordena, recolle e conserva, recompila e archiva e esixe a produción desa documentación.
- Responsable de material: será a encargada de realizar un inventario de tódolos elementos cos que conta o GI. Tamén terá que coordinar a súa organización

e o o seu coidado tanto no local do agrupamento como nas saídas e campamentos. Será quen propoña á tesoureira a compra do material que precisa o GI; ou á equipa educativa, en caso de que o GI non conte con fondos dabondos.

- Tesoureira. A tesoureira encargárase de levar as contas do GI así como de recadar o diñeiro das cotas (fixadas polo Consello do Agrupamento). Tamén coordena as compras do material, medicamentos, etc, que o GI precise.
- Enfermeira: ten como función principal organizar o botiquín do GI e solicitar compras de medicamentos á tesoureira cando sexa preciso. Recoméndase que teña unha formación básica en primeiros auxilios.

6. Órganos e dinámicas específicas

- **Espazo Tabú:** é un espazo íntimo no que se abordan e comparten temas “tabú”, experiencias, segredos... sempre en relación coas necesidades e intereses do GI de que se trata.

Ten como obxecto pedagóxico desenvolver a capacidade crítica e reflexiva das altaíres e a súa honestidade e pertenza co grupo. Ademais, considerando os tempos libres como unha poderosa ferramenta de educación emocional este espazo serve para o desafogo e acompañamento emocional por parte das compañeiras e coa educadora. É unha actividade que se pode realizar na actividade regular mais é unha actividade particularmente propia dos campamentos, para ser realizada na noite como velada de grupo. O seu desenvolvemento consiste en que o grupo senta en disposición de círculo, nun espazo afastado de distraccións e nun lugar considerado íntimo. As participantes sentan arredor dunha caixa (ou outro recipiente) que contén papeis con diferentes temas escritos.

Con motivo da busca de intimidade e comodidade cada unha das aventureiras deberá portar un obxecto prezado e as educadoras deberán aportar follas en branco e material

de debuxo e escritura que poden ser un recurso para un espazo máis distendido e de maior facilidade de expresión.

Como materiais tamén será precisa unha candea que alumee no medio do círculo que dará inicio ao espazo cando se encenda. Logo, de xeito aleatorio, cada unha recibe un deses papeis contidos na caixa, unha vez tódalas participantes comprenden os conceptos-temas que hai no recipiente. No momento que a aventureira vexa o tema que lle tocou aleatoriamente deberá relatar unha experiencia, mostrar a súa opinión ou ben reflexionar sobre esta. Se non se sente capacitada emocionalmente como para abordar ese tema que lle tocou poderá dicir abertamente que non quere.

O resto do grupo pode intervir compartindo novas reflexións, opinións, vivencias relacionadas coa temática a tratar. O espazo tabú será finalizado cando a candea sexa apagada.

Consello da benvida

A Asociación considera o sentimento de pertenza como algo fundamental na súa acción e por iso é preciso de mecanismos que axuden e acompañen na inmersión da nova persoa membro ao grupo de aventureiras. Sendo así, o Consello da Benvida concíbese como un Órgano de integración de novas persoas, acollida e coñecemento do grupo.

O fomento e a asimilación do sentimento de pertenza a Altair e ao correspondente agrupamento é fundamental. Un órgano para o fomento deste é o consello da benvida, que será levado a cabo sempre que entren crianzas novas ao grupo.

O funcionamento deste órgano consiste en que o propio grupo ensínalle á persoa nova o xeito de funcionar do agrupamento, os modos de traballo e os xeitos de organización. Este espazo non ten unha duración concreta no tempo. Ademais disto, cando unha persoa nova entre ao grupo de idade ascompoñentes deberán preparar un agasallo de xeito individual ás novas persoas.

Consello grupal

O conflito é un feito social insoslaible e necesariamente presente e, por iso, é fundamental a asimilación do que supón a resolución de conflitos nas crianzas mediante o diálogo, un xeito asembleario e o fomento da empatía.

Naqueles casos nos que un conflito alcance unha inmensidade total no Grupo de Idade haberá que convocar dito Consello. A disposición deste será circular e colocarse unha estrela no centro (outra vez, pola simboloxía da asociación, pola *estrela que nos une aquí*).

Respectando sempre as quendas de palabra e en orde as crianzas deberán expor os seus argumentos e escoitarse as unhas ás outras. A persoa mediadora (suxire-se unha educadora por motivo da non implicación no conflito) deberá incitar á participación de tódalas partes implicadas e non implicadas.

Mediación

Cando o conflito alcance unha dimensión inabarcable nos órganos asemblearios do GI como o Consello da Estrela ou a asemblea das aventureiras será preciso convocar o espazo da mediación. Consistirá na intervención dun terceiro neutral nun conflito, co propósito de axudar ás partes a resolver os seus problemas nun ambiente seguro. Será convocado unicamente cando o conflito vaia máis alá do grupo e sexa prolongado no tempo entre dúas ou tres crianzas ou máis.

No propósito de fomentar espazos de consenso e de diálogo, será convinte que unha das persoas que formen parte do Grupo de aventureiras sexan o terceiro neutral na mediación. Dita responsabilidade será levada a cabo pola persoa elixida como responsable do GI no Consello de Agrupamento. A educadora do Grupo terá o labor e encomenda de formala e preparala para chegar a mediar no conflito. Dito proceso de aprendizaxe será paulatino no tempo mediante a observación e as indicacións que a propia educadora lle vaia aportando. A persoa mediadora non impón unha solución ao problema, e son as partes as que manteñen sempre a responsabilidade de tomar a súa propia decisión.

A persoa mediadora pode ser, se así o estimar, a educadora do GI.

Ten como misión mellorar o proceso de comunicación axudando ás partes a definir claramente o seu problema, a comprender os intereses de cada parte, e a xerar opcións para solucionar a disputa. A persoa mediadora non impón unha solución ao problema, e son as partes as que manteñen sempre a responsabilidade de tomar a súa propia decisión. O fin deste espazo sería evitar o enquistamento do conflito e a súa repercusión, ter en conta as necesidades de cada persoa implicada e chegar a un acordo no que ambas partes se sintan cómodas e, por suposto restablecer a comunicación.

A mediación deberá realizarse fóra do horario das actividades ordinarias a unahora e espazo pactadas coa educadora do GI e, no caso de existir no campamento deberá realizarse nun espazo lonxe do resto do grupo co fin de que ningún factor poida intervir como interruptor na expresión das partes implicadas.

O propósito e obxectivo deste espazo é ofrecer ás partes implicadas no conflito novas vías de diálogo e entendemento e o papel da persoa mediadora nunca será conciliador senón que, pola contra é activo.

A estrutura do proceso de mediación seguirá 7 fases:

1. Organización da mediación

Consistirá na citación das partes implicadas, a educadora e mais da responsable do GI no Consello do Agrupamento así como na organización do espazo.

2. Introducción e contrato de mediación

As partes infórmanse sobre o proceso e comprométense a participar. Será recomendable asinar un “contrato de mediación”. Neste momento, informarase con detalle ás partes sobre o proceso de mediación co fin de

que a súa participación no proceso de mediación se basee nunha decisión informada, comunicáraselle ás partes a súa responsabilidade na mediación e abrírase un espazo de confirmación explícita do entendemento e a aceptación das partes de someterse ao proceso e de aceptar á mediadora.

3. Recollida de información

Nesta fase as partes comparten información do litixio e expresan como lles afecta ou as consecuencias que ten para elas. O papel da persoa mediadora aquí será preguntar, investigar, escoitar e atender sen emitir, baixo ningún concepto, un xuízo persoal.

Tras a expresión de ambas partes a mediadora fará unha síntese da información aportada polas partes e pedirá ás partes que corrixan calquera aclaración errónea.

4. Identificación de temas e creación do esquema a seguir

A persoa mediadora, co acordo das partes, leva a cabo unha división do problema nas súas partes (temas) e restablece a orde a seguir na súa análise e discusión. Rematará establecendo unha axenda de temas.

5. Xeración de ideas e opcións sen compromiso en cada tema

Consistirá en tratar cada tema por separado e buscar posibles vías de arranxo. O papel da mediadora aquí será a de facilitar a discusión de maneira que xurdan posibles alternativas e aumente a flexibilidade das partes.

6. Negociación para crear unha solución razoable

As partes analizan e avalían as alternativas e formulan acordos sobre os diversos temas en disputa.

7. Repaso, acordo final e clausura

Será a fase na que as partes chegan a un punto no cal parecen ter un acordo. A mediadora agrupa os acordos e redacta o acordo que deberá ser voluntario, equilibrado e lexítimo, específico e concreto, informado, realista e posible e con perspectiva de futuro.

É importante que por parte da mediadora e tamén por parte da persoa responsable do GI exista un seguimento do conflito.

Estatutos

Dentro de cada grupo de idade redactaranse de xeito assembleario uns estatutos que, no tempo e cando se decida, poderán ser modificados. Consiste na elaboración das normas de funcionamento do propio GI que serán tomadas de acordo aos intereses colectivos co fin de conseguir unha estrutura e organización para o o seu desenvolvemento como grupo.

O formato, neste caso, será de pergamiño pregado de tal maneira que se fomente a memoria e inspiración na historia das decisións do grupo.

Será elaborado na Asemblea das aventureiras e poderá ser modificado cando o grupo considere preciso. A iniciativa pode xurdir tanto por parte dunha aventureira como do Grupo colectivamente.

As normas incluídas nos estatutos baixo ningún concepto se poderán eliminar; soamente poderán ser derogadas por outras e así ser reformadas no caso dun desacordo posterior. Sendo deste xeito, ademais de establecer unhas normas de funcionamento tamén será un soporte para a permanencia escrita da memoria do Grupo e da súa historia.

O pergamiño deberá estar no espazo de traballo das aventureiras e, aínda que a responsabilidade do bo coidado dos materiais é do Grupo, deberá ser custodiado pola responsable de material.

Enquisa

Cando unha crianza entre ao grupo realizaráselle unha enquisa breve con tres cuestións básicas: comida favorita, o xogo favorito e o que máis lle gusta no mundo co fin de empregalo cando sexa preciso para algunha dinámica ou momento concreto. A importancia deste elemento é a conexión somática no caso de que ocorra algún momento máis complexo ou no que sexa precisa a calma na propia crianza. Que exista a presenza destes elementos pode facilitar o benestar da crianza en momentos puntuais nos que o o seu estado emocional non é óptimo ou tras unha situación conflitiva para ela. Cando se presenten estas circunstancias a educadora deberá aportarlle algún dos elementos recollidos na enquisa.

7. Campamentos e roteiros

Os campamentos son en Altair o espazo privilexiado da aprendizaxe na acción e poden ser o lugar de celebración de festas de fin de proxecto ou o lugar ideal para oxurdimento dun novo proxecto vinculado a algunha rota ou actividade integrada no campamento.

É importante que as aventureiras realicen nos campamentos unha saída de GI durante os días que se considere preciso (dependendo da duración e da dinámica de cada campamento)

É preciso que durante a actividade regular, nas saídas e campamentos, as aventureiras organicen dinámicas para o propio grupo así como a elaboración e construción de elementos propios para o o seu desfrute. Tamén é moi precisa o fomento de inqedanzas e intereses co futuro de lugar de campamento por parte das educadoras co fin de crear un vínculo antes e despois de cada campamento coas crianzas. Débese fomentar a idea de aportar algo ao lugar de destino de campamento, as súas xentes e á natureza. Para as aventureiras o campamento significa o fin de proxecto, é o espazo para culminar a aventura preparada durante os meses anteriores.

8. O perfil e o papel da educadora

Dentro da proporción máxima de 1/7, recoméndase que cada grupo teña 1 ou 2 educadoras, no máximo, dada a natureza e obxectivos da fase, para evitar calquera tipo de sentido invasivo da súa presenza e afirmar un papel da educadora acompañante e supervisor e nunca directivo.

No o seu perfil, é convinte que esta sexa unha persoa con experiencia vital e de participación asociativa, coñecedora da realidade social da súa contorna e do mundo asociativo e comunitario da mesma (e, se é posible, con relacións na mesma); reflexiva e cunha forte capacidade integradora e comprensiva. Que sexa vista polas aventureiras como referente do proxecto Altair. Con estabilidade pasada e futura no agrupamento. Con dispoñibilidade e accesible no seu tempo libre fóra dos horarios habituais de actividade do Agrupamento.

O papel da educadora é principalmente o de acompañante, que camiña ao lado, orienta, anima, motiva e dá sentido educativo ás actividades escollidas polas crianzas. Debe ter en conta os elementos psico-sociais de cada grupo de idade. A educadora nas primeiras etapas debe ser unha persoa madura e cun bo nivel de formación ademais de boas doses de imaxinación, alegría e dinamismo. Debe ter un rol activo no grupo que debe motivar e fomentar a participación mais cunha visión crítica que permita ver o progreso e carencias persoais dos crianzas. Cunha presenza maior nos comezos, moi activo, deixando o protagonismo paseniñamente, a pouco e pouco, ás crianzas e incrementará a súa presenza nos finais dos ciclos.

É importante tamén que os grupos ou asembleas non condicionen as decisións das crianzas polo que pode resultar bo deixar a súa opinión ao final.

9. A horta

A horta para Altair é un instrumento de sentido de comunidade de primeira magnitude.

Desde a horta, entendemos o mundo e sustentamos a súa acción de servizo e elaborar accións para desfrutar e promover a soberanía alimenticia, o uso, a calidade, a seguridade, a valoración dos produtos da horta. A horta presente en actividades de cada grupo de idade e na acción colectiva do grupo levará a saber máis, a relacionarse mais a incidir progresivamente nun entorno máis saudable e sustentable. En concreto, as aventureiras concentrarán a súa actividade na aventura e da contribución ao grupo e agrupamento de elementos que axuden ao proceso da horta. Construción dunha caseta, dun cartaz, dunha cancela, etc.

É recomendable a periodicidade dada a necesaria continua motivación das membro do grupo de aventureiras. Será preciso que escoiten as necesidades do propio espazo para poder deseñar elementos que contribúan ao o seu crecemento.